

A microscopic view of plant tissue, likely a cross-section of a stem or root, showing various cells and structures. The image is used as a background for the text.

Método en socioloxía

Manuel Torres

Marzo 2011

Historia, Teoría e método das humanidades e das ciencias sociais

Plan de traballo

1. Metodoloxía en socioloxía, claves e procedementos:
 - A. Cuantitativo / cualitativo
 - B. Elección da mostra: criterios
 - C. Ética da investigación sociolóxica
 - D. Requisitos método científico e preguntas clave
 - E. Métodos de investigación en socioloxía: algúns exemplos
 - F. Conclusións e consellos
 - G. <http://moodle.torrescubeiro.com>

Ideas previas

- MÉTODO: *Metá*: cara a, ao longo de (movemento); *Odos*: camiño; "camiño cara algo".

“Se houbera unha verdade obxectiva a descubrir (...) o pensamento se acabaría enseguida”

Jesus Ibañez 1991 *El regreso del sujeto. La investigación social de segundo orden. Siglo XXI*

Cualitativo / **cuantitativo**

“toda medición cuantitativa se realiza a través dun traballo cos significados” Díaz de Rada 2003: 30.

- **Cuantitativos**: reducen os fenómenos sociais a cuantificables estadísticamente analizables, enfocando los eslabones y atributos a través de varios casos (moitos casos).
- Tipos de métodos investigación: entrevistas estructuradas, enquisas de marketing; entrevistas de intención de voto; analise de regresión etc.

Investigación cuantitativa

- Definición hipótese, tese e estudio da bibliografía previa
- Definición de conceptos ou variables relevantes (dependentes e independentes)
- Operacionalización dos conceptos
- Deseño da mostra: unidades de observación (tipos de muestreo: simple, sistemático, estratificado, conglomerados, cuotas, rutas aleatorias, estratégico, bola de neve). Validez e fiabilidade.
- Analise de datos: analise cuantitativo
- Elaboración do informe

Cualitativo / cuantitativo

- **Cualitativo:** énfasis nas experiencias pessoais, e o sentido; preocupación por entender o significado dos fenómenos sociais (poucos casos).
- **Métodos** investigación: análise de contido ou textual; etnografía; observación participante; entrevista non estruturada ou semi estruturada; historia de vida; grupos de discusión, arquivos, método histórico, métodos narrativos etc.

Cualitativo / cuantitativo

- Ambos métodos conlevan unha interacción interacción sistemática entre a teoría e os datos.
- Un método ou outro depende do que o investigador quere investigar.
 - Por exemplo: estudar a tasa de pobreza entre os enfermos mentais non pide o mesmo método que estudar o contexto completo do que significa ser pobre e vivir unha doenza crónica.

Elección da mostra

- Elección dunha mostra **representativa** e **manexable** da poboación que se quere estudar (o censo completo é por definición inmanexable)
 - Elección aleatoria
 - Sistemática
 - Por clase ou grupo, ou categorías relevantes para o tema de estudio
 - Bola de neve

Ética da investigación

- Consentimento informado
- Confidencialidade, intimidad y anonimato
- Evitar todo dano, tanto físico, psicológico como social
- Evitar o engano
- Dereito de privacidad e anonimato dos informantes salvo consentimiento expreso

REQUISITOS MÉTODO CIENTÍFICO

- “Unha teoría, imaxe do mundo, científica debe ser ademais:
 1. acorde aos datos, empírica.
 2. internamente consistente, non lóxicamente contraditoria
 3. falsable e replicable
 4. permitir predicións
 5. definir o seu rango de universalidade, definir os seus límites” (Díaz de Rada: 2003 112)

Visión positivista do método sociolóxico

- **Evidencia empírica:** recollida a través da observación directa no baseada na argumentación ou nas crenzas subxectivas. A recollida de datos é feita para que poda volverse a repetir de novo coa mesma fiabilidade.
- **Obxectividade:** os investigadores están libres de valores, sen prexuízos, sen sentimentos persoais ou experiencias sobre a investigación (ou cando menos estes foron minimizados; Os feitos deberan falar por si mesmos incluso se resultan diferentes da hipótese do investigador.
- **Control:** todas as variables externas deben ser controladas para poder establecer unha clara relación de causa e efecto.
- **Predicible:** un dos obxectivos é poder prever no futuro cos datos conseguidos na investigación.
- **Comprobación das hipóteses:** a hipótese faise ao comezo da investigación derivada dunha teoría. Teñen que ser formuladas de xeito que podan ser comprobadas (feitas operativas e non ser ambiguas).
- **Repetición:** os procedementos usado e os resultados deberan ser repetibles polo mesmo ou outro grupo en diferentes ocasións para comprobar resultados similares. Se isto non é así, non será aceptable pola comunidade científica. Se os resultados se repiten a investigación é fiable. A finalidade última é conseguir coñecementos fiables e construír así un corpo de coñecemento científico

PREGUNTAS CLAVE

- “1. ¿Cuál é o problema?
 2. ¿Cáles son os datos?, ¿aspectos ou elementos do problema?
 3. ¿Qué se dixo xa sobre o problema?
 4. ¿Cáles son as relacións entre os aspectos do problema? ¿Qué cuestións están conectadas co problema?
 5. ¿Está ben definido o problema?
 6. ¿Qué solución se busca, que finalidade?”
- Ander Egg 1987: 141

Preguntas clave

1. ¿que?: tema ou cuestión.
 2. ¿para que? Obxetivo
 3. ¿por que? Situación do problema.
 4. ¿ónde? Área, lugar
 5. ¿Cando? Tempo
 6. ¿Canto? Profundidade
 7. ¿Como? Métodos e técnicas
 8. ¿Quen? Equipo humano
 9. ¿Con quen? Financiación”.
- Ander Egg 1987: 139.

TIPOS DE ENTREVISTA

- “1. **Estructurada:** como un interrogatorio.
2. **Non estructurada:** (tipos de maior a menor dificultade para o entrevistador): (**Unstructured Interviews** are a method of interviews where questions can be changed or adapted to meet the respondent's intelligence, understanding or belief).
 - a. **Focalizada:** centrada nun tema e na vivencia subxectiva del entrevistado sobre el.
 - b. Clínica.
 - c. Non dirixida”.

Ander Egg 1987: 227-8.

“interview behavior is a form of social interaction" Foddy 1993: 10.

Historia de vida e historia oral. Life - story

- “A person's story is essentially an expression of his or her self-understanding” Atkinson 1998: 65.
- Trátase de conseguir unha visión global do que significa ser unha persona concreta.
- Se usan diversos métodos para conseguir todo o necesario para reconstruir o contexto social, cultural, histórico e personal no que un determinado sujeto vive ou viviu.
- Exs: biografías de prostitutas en Chicago, homeless, drogadicción...

Etnografía / traballo de campo

- Estudo directo de persoas ou grupos durante certo período, utilizando a observación participante ou as entrevistas para coñecer o seu comportamento social co traballo de campo como ferramenta básica.
- Pretende revelar os significados das accións e interaccións da realidade social do grupo estudado coa participación directa do investigador.
- O investigador asume un papel activo nas súas actividades cotiás, observando o que acontece e pedindo explicacións e interpretacións sobre as decisións, accións e comportamentos.
- Os datos recompilados consisten na descrición densa e detallada dos seus costumes, crenzas, mitos, xenealoxías, historia, linguaxe, etcétera.
- Exemplos:
 - Severino Pallaruelo. *José, un hombre de los pirineos*, Prames. Zaragoza, 2000
 - Anderson, Neils. 1961 *The Hobo*. Chicago U.P.: Chicago

Estudio de casos

- Un caso pode ser unha persoa, organización, programa de ensino, un acontecemento, etc.
- En vez de mostras os métodos de estudo do caso implican un exame a fondo, lonxitudinal dun caso só ou o acontecemento.
- O investigador gaña un entendemento afiado do por que do caso, os comos e os seus porques.
- Serven para probar hipótese pero tamén para crealas ou completar outro tipo de metodoloxía.
- É unha estratexia de investigación que pode usar medios múltiples na comprensión, descripción do caso elexido.
- Exemplo:
 - Marsal, Juan F 1972 "El caso de J.S. Y la emigración argentina". EN *Hacer la América. Biografía de un emigrante*, EDITADO POR Juan F. Marsal, pp. 321-336. Ariel: Barcelona.

Investigación con enquisas

- Método de investigación que implica o emprego de cuestionarios e/ou revisións estatísticas para xuntar datos sobre a xente e os seus pensamentos e/ou comportamentos.
- Exemplo:
 - Rodríguez López, Antonio 1982 "Actitudes ante la enfermedad mental y la psiquiatría en Galicia" EN *Documentación Social*; 47: 139-153.
 - Epidemioloxía: Mateos Alvarez, Raimundo y Rodríguez López, Antonio (Ed.) 1989 *Estudio de Epidemiología psiquiátrica en la comunidad gallega*. Xunta de Galicia: Santiago.

Análise de contido (análise do discurso)

- Metodoloxía enfocada ao estudo dos contidos da comunicación.
- Examinando textos grabados (entrevistas transcritas, libros, etc.) coñécese o significado e modo de produción.
- O texto é un indicio do emisor e o modo de produción dun texto.
- Son un conxunto de técnicas cunha teoría que da sentido ao modo de análise e aos resultados.

Grupos de discusión

- Reunión dun grupo de persoas, entre 6 e 12, cun moderador encargado de facer preguntas e dirixir a discusión.
- O moderador canaliza a discusión para que non se afaste do tema de estudo.
- Co grupo de discusión indágase nas actitudes e reaccións dun grupo social específico fronte a un asunto social obxecto de estudo.
- As preguntas son respondidas pola interacción do grupo nunha dinámica en que os participantes se senten cómodos e libres de falar e comentar as súas opinións.
- A clave da técnica esta na selección dos integrantes do grupo e na posterior análise do material conseguido (grabado, transcrito, etc.)

Observación participante

- O investigador vive cos investigados no seu contexto, experiencia e vida cotiá, coñecer directamente toda a información que posúen os suxeitos de estudo sobre a súa propia realidade, e coñece a vida cotiá dun grupo dende o interior.
- Para reunir a información, o investigador selecciona informantes, que observa e interactúa ou entrevista. Soese levar un diario de campo coas impresións do vivido e observado
- Esta metodoloxía permite observar un grupo social dende dentro ata 'verse como un deles' no seu ambiente natural.
- É o método por definición da antropoloxía cultural, pero non exclusivo
- Exemplos:
 - Malinowski, Bronislaw 1961 (1922) *Argonauts of the Western Pacific*. Dutton: New York
 - Evans-Pritchard, E.E. 1977 (1940) *Los nuer*. Anagrama: Barcelona

Conclusións:

Antes de comezar á investigación

- Facerse unha clara idea do **porqué** (persoal e teóricamente) elexiuse un determinado tema
- Qué cousas **se teñen dito** xa sobre ese tema: unha primeira aproximación bibliográfica e teórica.
- Ter clara a saída da investigación: académica, financiera, etc.
- Baixar expectativas.

Conclusiones: nós mesmos somos o xuíz?

- VALIDEZ: medir o que se quiere medir
- FIABILIDADE: pódese repetir tamén con outro investigador
- Representatividade
- Satisfacción